



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE LIMPEZA, RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DOS PETRÓGLIFOS SITOS NO SEU TERMO MUNICIPAL.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co Concello de Cerdedo-Cotobade, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade, para a realización dunha actuación arqueolóxica nos petróglifos do concello de Cerdedo-Cotobade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No territorio do val medio do río Lérez, no actual concello de Cerdedo-Cotobade, prodúcese a maior concentración de petróglifos de Galicia. A gran cantidade de deseños gravados nas rochas e o interese e calidade dalgúns dos grupos de gravados fan destes xacementos un dos conxuntos de arte rupestre ao aire libre máis importante de Europa.

Os motivos representados nos gravados son moi variados, os máis comúns son os motivos xeométricos entre os que destacan as cazoletas, as combinacións circulares, as espirais e os labirintos. Entre os motivos figurativos destacan os zoomorfos (cervos, cabalos...); as





figuras antropomórficas, en ocasións en escenas de equitación ou caza; as representacións de armas ou de ídolos. Estes motivos supoñen o testemuño das crenzas e da relación coa natureza dos grupos humanos que os realizaron e que habitaron estas terras hai miles de anos, entre o Neolítico final e a Idade do Bronce.

A nivel de conservación destacar que a situación ao aire libre destes bens arqueolóxicos fan que se atopen constantemente ameazados por axentes naturais e tamén polos incendios forestais e as agresións antrópicas, o que fai necesario a realización de periódicas accións de limpeza, restauración e acondicionamento.

Tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que aglutinan estes bens arqueolóxicos, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e o concello de Cerdedo-Cotobade consideran de interese levar a cabo neste ano 2022 traballos de limpeza, restauración e posta en valor dalgúns destes petróglifos coa finalidade de favorecer a súa conservación e posta en valor.

Por tanto, a través deste convenio de colaboración preténdese realizar traballos necesarios para favorecer a posta en valor e restauración dos petróglifos do concello de Cerdedo-Cotobade e así contribuír ao coñecemento e difusión do patrimonio cultural da bisbarra.

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

